

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 974/2019

Memoria Justificativa

Procedemento: Procedemento de Contratación

Interesado: _____

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Obxecto do contrato.

O obxectivo desta obra é reparar a zona da antiga vivenda da Escola de Redo en Vilar e conectar interiormente as 2 zonas do edificio (vivenda e escola), para que poidan usarse en condicións de seguridade.

2. Descrición da situación actual

No ano 2017 se iniciou a recuperación da escola de Redo de Vilar, unha escola unitaria construída no ano 1956 na parroquia de Vilar, en Mondariz. Na primeira fase se recupera a cuberta, se reparan grietas na fábrica de granito e se repara a instalación eléctrica na zona da escola. Tamén se abordou por parte dunha agrupación de veciños de Vilar unhas labores de desescombrado do interior da vivenda, retirando tabiques, solados e falsos teitos dañados, como paso previo á 2ª FASE de reparación do edificio, cuxo obxectivo é reparar a zona da antiga vivenda, e conectar interiormente as 2 zonas do edificio, para que poida usarse.

3. Marco normativo

- Proxecto de Ordenación do Medio Rural de Mondariz, aprobado definitivamente polo pleno do Concello en sesión de 26 de febreiro de 1.999.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, con entrada en vigor o 19 de marzo de 2016.
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, sobre Ordenación da edificación.
- Real Decreto 556/89, do 19 de maio, de Medidas mínimas de accesibilidade nos edificios.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación (CTE).
- Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado polo R.D. 314/2006, do 17 de marzo, en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.
- Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 232/1993, do 30 de setembro, polo que se regula o Control de Calidade na Edificación na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Análise Económica

a. Financiamento.

- Presidencia da Deputación de Pontevedra en data 18 de xuño de 2018 adoptou un acordo polo que se concede unha subvención ó concello de Mondariz ó abeiro da convocatoria de "Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019" por importe de 44.039,97 €, dos cales 5.566,00 € corresponde a honorarios de asistencia técnica, para financiamento do investimento "Obras de reparación 2ª Fase Escola de Redo de Vilar".

b. Valor Estimado

Valor estimado da obra (sen IVE): 31.796,67 euros



C/ Merouces, 16, Mondariz. 36870 Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
info@concellodemondariz.com



Cod. Validación: 7KSQEC5YHYDJXCJNDFAHG7C75 | Corrección: <http://mondariz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

Concello de Mondariz

c. Orzamento base de licitación

Límite máximo de gasto, incluído IVE:

Formulación a prezo fixado.

Importe sen IVE: 31.796,67 €

IVE (21 %): 6.677,30 €

Total con IVE: 38.473,97 €

d. Prezo

Sistema de determinación: Prezos unitarios sen revisión nin variación dos mesmos en función do cumprimento ou incumprimento de obxetivos de prazos ou de rendemento.

e. Aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2019	321.6220290	38.473,97 €

As actuacións contan coa participación da Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ó Plan Concellos 2018-2019 LIÑA 1, que concedeu a axuda arriba indicada.

Polo que para a execución da Fase II do proxecto no presente exercicio, o crédito dispoñible será de 38.473,97 euros, financiado con cargo á aplicación orzamentaria: **321.6220290**.

f. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A presente actuación non afectará á estabilidade orzamentaria debido a que está financiada na súa totalidade por ingresos afectados procedentes de outras administración (Deputación Provincial de Pontevedra).

Respecto da sustentabilidade financeira é preciso sinalar que a mesma é posible xa que non estamos ante instalacións ou edificacións de nova creación se non ante a mellora dunha edificación xa existente polo que o seu mantemento xa viña realizando e contemplando no orzamento municipal.

5. Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento

Se prevé a utilización do procedemento administrativo aberto simplificado tendo en conta o valor estimado do contrato, inferior a (2.000.000,00 €) e a súa tramitación ordinaria.

A presentación de ofertas e solicitudes de participación nesta licitación será a través de medios electrónicos de conformidade cos requisitos establecidos na disposición adicional 15ª da LCSP.

b. Cualificación do contrato

O presente contrato se configura como un contrato de obras de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

c. Análise de execución por lotes

A xustificación de non dividir en lotes o obxecto do contrato por existir motivos válidos recollidos no art. 99.3 y 116.4 g) LCSP, en concreto, o feito de que, de acordo co sinalado polo redactor do proxecto en informe de data 26 de xullo "Hay riesgo para la correcta ejecución del contrato derivada de la propia naturaleza del mismo, al requerir la coordinación



Concello de Mondariz

de la ejecución de diferentes prestaciones, de modo que la división en lotes tendría las siguientes consecuencias:

- Se perdería la optimización del control de la ejecución global del contrato.
- Se perdería la coordinación de la ejecución de las prestaciones.
- Se incrementarían los coste de ejecución por la existencia de una pluralidad de contratistas diferentes.
- Se perdería eficiencia.”

d. Duración

Contrato de obras cunha duración de TRES (2) MESES a contar dende a expedición da acta de comprobación do reformulo.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para efectuar as obras no prazo contractual, salvo que, a xuízo da dirección facultativa, existisen razóns para estimalo inconveniente.

O inicio do prazo de execución do contrato comezará coa acta de comprobación do reformulo. Dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificadas, o servizo da Administración encargada da obra procederá en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo.

A duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais sinalados.

e. Responsable do contrato.

En aplicación do artigo 62.2 da lei 9/2017 que regula os Contratos do Sector Público, o responsable do contrato será o Director Facultativo das obras que será nomeado polo órgano de contratación, e lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan (art. 62.1.2 LCSP)

f. Órgano de contratación.

O órgano de contratación deste contrato será o Alcalde en virtude da DA2ªda LCSP.

6. Publicidade.

A presente memoria débese publicar no perfil de contratante de acordó co artigo 63.3 a) da LCSP.

En Mondariz a 11 de decembro de 2019.

O ALCALDE (asinado electrónicamente).

